

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO ACADÉMICO 2022/2023

TITORA: M^a ISABEL LORENZO CARRERO

**CEIP PLURILINGÜE: “AS SOLANAS – NICOLÁS
GUTIÉRREZ CAMPO”**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	5
3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	10
4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO	48
5. CONTIDOS	53
6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE	57
A. TEMPORALIZACIÓN	57
B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	59
C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	72
7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	74
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	77
9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	79
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIA PENDENTES.	81
11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	82
12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	83
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	84
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	85
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	87

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación está destinada ao 2º curso da Educación Primaria, para o ano académico 2020/2021. Para o seu deseño se atende aos principios pedagóxicos establecidos na LOMCE, é dicir, a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e que modifica á Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Ademais, é preciso dicir que para a realización para a programación que a continuación se describirá, tivéronse en conta os diferentes niveis de concreción curricular. O primeiro nivel fai referencia ao Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia, que concretan as administracións administrativas co fin de adecuar as ensinanzas ás características culturais e educativas da sociedade galega. Pola súa parte, o segundo nivel de concreción curricular está composto polo Proxecto Educativo do centro, que concreta o proceso de toma de decisións que definen a identidade dun centro educativo e as etapas que nel se desenvolven. Por último, o terceiro nivel de concreción curricular refírese á presente programación, na cal se recollen e concretan as intervencións educativas que se levarán a cabo ao longo do curso escolar.

A presente programación vaise desenvolver nun centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado na zona máis próxima ao mar no municipio da Guarda, na provincia de Pontevedra. O centro é de liña 1.

Por tal motivo, o centro está composto por dous edificios, separados pola Gardería Municipal. O edificio que corresponde coa etapa de Educación Infantil contén dous andares, no primeiro deles sitúanse espazos habilitados para a lectura, a arte... e, xunto

cos servizos, a zona do xogo simbólico e o almorzo. No segundo andar atópanse as aulas destinadas ao alumnado de 3, 4 e 5 anos, aula de AL e a aula de psicomotricidade.

Pola súa banda, o edificio que corresponde coa etapa de Educación Primaria contén tres andares. No primeiro deles sitúanse as aulas de 1º a 6º, a secretaría, a biblioteca, a sala de profesores e os aseos, incluíndo un aseo adaptado para persoas con dificultades de mobilidade. No segundo andar están as aulas de Música, Orientación, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Inglés, e os aseos do profesorado. Tamén se pode atopar neste andar o despacho do profesor de educación física a través do cal pódese acceder ao pavillón ao aire libre e máis aseos para o alumnado. Neste mesmo andar existe una aula habilitada para o comedor escolar e un salón de actos. Por último, no derradeiro andar pódese atopar un ximnasio.

O horario do centro é de xornada continua de 9:00 a 14:00. Porén, polas tardes pode acudirse á biblioteca do centro de 15:30 a 17:30.

En relación ao profesorado, cabe destacar que hai un total de 16 docentes, incluíndo aos profesores e profesoras de Educación Infantil, os profesores e profesoras de Educación Primaria, os especialistas e o equipo de orientación, é dicir, cóntase con: 3 titores de infantil, 6 titores de primaria (unha delas é tamén a profesora de música), un especialista de Educación Física, unha profesora de Relixión un especialista de lingua estranxeira (inglés), unha especialista en Pedagogía Terapéutica, unha especialista en Audición e Linguaxe, unha orientadora e unha persoa de apoio en primaria que exerce de directora.

En canto ao alumnado, os alumnos e alumnas que forman parte deste centro, proceden na súa maioría de barrios próximos ao porto. Pertencen, así mesmo, a un grupo social de clase media-baixa. Son un total de 151 alumnos e alumnas.

2. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tendo en conta a LOMCE e o Decreto 105/2014, de 4 de setembro, enténdense por competencias clave as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas. Pola súa banda, a Orden ECD 65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, define as competencias como aquelas que as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego, de aí a importancia do seu traballo.

A continuación se describirán as competencias que se desenvolverán en cada unha das materias deste 2º curso da Educación Primaria.

MATEMÁTICAS

A Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT) consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, símbolos, formas de expresión e razoamento matemático.

A Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) nesta área desenvolverase a través do coñecemento de novos conceptos relacionados cos números e as súas relacións.

A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) incide na área de matemáticas nos contidos relacionados coa autonomía, perseveranza e esforzo persoal para abordar situacións de crecente complexidade.

A Competencia Dixital (CD) desenvolve destrezas asociadas ao uso dos números, que facilitan a comprensión de informacións, ademais da relación coas linguas gráficas e estatísticas.

A Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) a resolución de problemas ten asociadas tres vertentes complementarias ao desenvolvemento desta competencia: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados.

As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) fundamentalmente ao relativo ao traballo en equipo e a capacidade para asumir e valorar outros puntos de vista.

LINGUA CASTELÁ

A Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) traballárase fomentando a interacción lingüística de maneira adecuada e creativa, adaptándose ás diferentes situacións de comunicación.

A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) desenvolve as capacidades precisas no alumnado para iniciar, organizar e xestionar a súa propia aprendizaxe, xa sexa individualmente ou en grupo.

As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) permiten coñecer as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha maneira eficaz na vida social e profesional.

A Competencia Dixital (CD) proporcionan as destrezas necesarias para utilizar dunha maneira segura e crítica das TIC. Ademais, se fomentará a utilización destes medios para obter, avaliar e producir información.

A Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) desenvolve as habilidades precisas para transformar as ideas en actos, potenciando a creatividade, a innovación e a capacidade para planificar e xestionar proxectos.

A Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) traballárase a través da apreciación da importancia da expresión creativa de ideas.

LINGUA GALEGA

A Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) traballárase fomentando a interacción lingüística de maneira adecuada e creativa, adaptándose ás diferentes situacións de comunicación.

A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) desenvolve as capacidades precisas no alumnado para iniciar, organizar e xestionar a súa propia aprendizaxe, xa sexa individualmente ou en grupo.

As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) permiten coñecer as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha maneira eficaz na vida social e profesional.

A Competencia Dixital (CD) proporcionan as destrezas necesarias para utilizar dunha maneira segura e crítica das TIC. Ademais, se fomentará a utilización destes medios para obter, avaliar e producir información.

A Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) desenvolve as habilidades precisas para transformar as ideas en actos, potenciando a creatividade, a innovación e a capacidade para planificar e xestionar proxectos.

A Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) traballarase a través da apreciación da importancia da expresión creativa de ideas.

A Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT) desenvolverase a través do coñecemento de vocabulario específico.

CIENCIAS DA NATUREZA

A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) é a habilidade para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira autónoma de acordo cos seus propios obxectivos e necesidades.

A Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT) pretende desenvolver no alumnado a capacidade de aplicar o razoamento matemático coa fin de resolver problemas de situacións cotiás. Tamén permite coñecer a metodoloxía científica coa finalidade de explicar e comprender a natureza.

A Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) fai referencia á habilidade para transformar as ideas en actos. Está relacionada coa creatividade, a innovación e a asunción de riscos.

As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) recolle todas as formas de comportamento para participar dunha maneira eficaz nunha sociedade cada vez máis diversificada. Prepara ao alumnado para participar de forma activa e democrática.

A Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) permitirá nesta área a adquisición de vocabulario específico, así como a capacidade de crear o seu propio xuízo crítico.

A Competencia Dixital (CD) contribúe ao uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación para obter e comunicar información.

CIENCIAS SOCIAIS

A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) é a habilidade para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira autónoma de acordo cos seus propios obxectivos e necesidades. Precisa ser consciente do propio proceso de aprendizaxe.

A Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) permitirá nesta área a adquisición de vocabulario específico, así como a capacidade de crear o seu propio xuízo crítico e respectar as opinións dos e das demais.

A Competencia Dixital (CD) contribúe ao uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación para obter e comunicar información.

A Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT) pretende desenvolver no alumnado a capacidade de aplicar o razoamento matemático coa fin de resolver problemas de situacións cotiás. Tamén permite coñecer a metodoloxía científica coa finalidade de explicar e comprender a natureza.

A Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) fai referencia á habilidade para transformar as ideas en actos. Está relacionada coa creatividade, a innovación e a asunción de riscos coa finalidade de alcanzar certos obxectivos.

As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) recolle todas as formas de comportamento para participar dunha maneira eficaz nunha sociedade cada vez máis diversificada. Prepara ao alumnado para participar de forma activa e democrática.

A Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) traballarase a través da importancia da expresión creativa de ideas.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

As Competencias Sociais e Cívicas (CSC) é a máis relacionada con esta área e permite coñecer e comprender todas as formas de comportamento axeitadas para participar dunha maneira eficaz nunha sociedade cada vez máis globalizada. Permite a reeducación en valores e actitudes positivas cara todas as persoas.

A Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) refírese á utilización da linguaxe como medio de comunicación oral e escrita, coa que o alumnado poderá expresar as súas propias ideas, dialogar, establecer vínculos co seu entorno, formar un xuízo crítico...

A Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) fai referencia á capacidade para transformar as ideas en actos, relaciónase coa innovación e a creatividade, así como a capacidade de planificar e xestionar proxectos.

A Competencia de Aprender a Aprender (CAA) é a habilidade para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de forma autónoma en base aos propios obxectivos e necesidades.

3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Tal e como ven definido no Decreto do currículo, os contidos, criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe están intimamente relacionados. A continuación, detallarase a relación destes elementos do currículo para cada unha das áreas, para o segundo curso da etapa da Educación Primaria e que se traballarán ao longo do curso escolar.

MATEMÁTICAS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS		
B1.1. B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación planeada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.
BLOQUE 2. NÚMEROS		
B2.1. Números naturais ata o 999. B2.2. Nome e grafía dos números ata o 999. B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e	B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.
		MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
		MTB2.1.3. Realiza

<p>centenas</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.</p> <p>B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.</p> <p>B2.7. Redondear, aproximar e estimar.</p> <p>B2.8. Construción de series ascendentes e descendentes.</p>		<p>correctamente series tanto ascendentes como descendentes.</p>
<p>B2.9. Números pares e impares.</p> <p>B2.10. Identifica e relaciona os números ordinais do 1º ao 10º.</p> <p>B2.11. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p>	<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.</p> <p>MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.</p> <p>MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares</p>
<p>B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.</p> <p>B2.13. Gusto pola presentación ordenada e</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.2. Realiza cálculos</p>

<p>limpa dos cálculos e dos resultados.</p> <p>B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas.</p> <p>B2.15. Propiedades conmutativa e asociativa da suma.</p> <p>B2.16. Proba da resta.</p> <p>B2.17. Cálculo de multiplicacións.</p> <p>B2.18. Construción das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...</p> <p>B2.19. Termos da suma, resta e multiplicación.</p> <p>B2.20. Utilización en situacións familiares da sumas, restas e multiplicacións.</p>		<p>numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.</p>
<p>B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá.</p>	<p>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</p> <p>MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</p>
BLOQUE 3. MEDIDA		
<p>B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e</p>	<p>B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o</p>	<p>MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o</p>

centímetro.	centímetro como unidades de medida de lonxitude.	centímetro como unidades de medida de lonxitude.
B3.2. Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo.	B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.
B3.3. Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.	B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.
B3.4. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	B3.4. Coñecer as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos).
B3.5. Realización de medicións.		MTB3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relacións.
B3.6. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.	B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
B3.7. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais		
B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.		
B3.9. Manexo de prezos de artigos cotiáns	B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.
B3.10. Equivalencias entre moedas e billetes.		MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións
B3.11. Resolución de problemas de medida.		

	para a resolución de problemas.	utilizadas e as unidades dos resultados.
BLOQUE 4. XEOMETRÍA		
B4.1. Elaboración de simetrías sinxelas. B4.2. Eixes de simetría.	B4.1. Identificar e completar figuras simétricas.	MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.
B4.3. Identificación comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados. B4.4. Tipos de triángulos: equilátero, isóscele e escaleno. B4.5. Elementos xeométricos básicos: lado, vértice e ángulo.	B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
B4.6. Identificación de corpos xeométricos en obxectos e ámbitos cotiáns: prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera. B4.7. Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.	B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.
B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos. B4.9. Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios.	B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.

B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá explicando oralmente por escrito o procedemento seguido e as solución obtidas.	B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.
		MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE		
B5.1. Interpretación de diferentes gráficos: de barras, de barras dobres, de pictogramas e estadísticas. B5.2. Utilización de técnicas para a recollida e ordenación de datos en contextos familiares e próximos.	B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas, comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.
		MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.
B5.3. Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade.	B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible.	MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.

LINGUA CASTELÁ

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR		
B1.1. Estratexias e normas	B1.1. Participar en	LCB1.1.1. Expresa de forma

básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais.	situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	global sentimentos, vivencias e opinións.
		LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.
B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.
		LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
B1.3. Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela.	B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.	B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
		LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
B1.5. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións,	B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos,	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.

medios de comunicación).	narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos.
		LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
B1.6. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.
		LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.
B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.
B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.	B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática
B1.9. Produción de textos orais breves e sinxelos segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.	LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas...
		LCB1.9.2. Organiza o

		discurso cunha secuencia coherente elemental.
B1.10. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER		
B2.1. Lectura de distintos tipos de texto: próximos á súa experiencia.	B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.
		LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.
B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.
		LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do	B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de	LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.

título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual.	diversa tipoloxía	LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.
		LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
B2.4. Gusto pola lectura. B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.	B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.1. Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.
		LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.
B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.	B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.
B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.6. Mostrar interese por ter biblioteca propia.	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.
B2.9. Identificación das mensaxes transmitidas polo texto.	B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.	LCB2.7.1. Diferencia, con axuda, entre información e publicidade.
		LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.
B2.10. Uso guiado das Tecnoloxías da Información	B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da

e Comunicación para a procura e tratamento igualmente guiado, da información.	Información e Comunicación para a procura da información.	Información e Comunicación para buscar información.
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR		
<p>B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intención comunicativas (informativos, literarios e prescritivos).</p> <p>B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.</p> <p>B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.</p> <p>B3.4. Producción de textos segundo o Plan de escritura do centro.</p>	<p>B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intención comunicativas (informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e cuidando a presentación.</p>	<p>LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa) e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...</p> <p>LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.</p>
<p>B3.5. Valoración da súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</p>	<p>B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</p>	<p>LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</p>
<p>B3.6. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...)</p> <p>B3.7. Textualización en frases elementais con secuencia lineal.</p> <p>B3.8. Revisión e mellora do texto.</p>	<p>B3.3. Aplicar, de xeito guiado, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.</p>	<p>LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.</p>

<p>B3.9. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómicos.</p>	<p>B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.</p>	<p>LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda...</p>
<p>B3.10. Creación de textos utilizando as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado.</p> <p>B3.11. Producción de textos segundo o Plan de escritura do centro.</p>	<p>B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas produción.</p>	<p>LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.</p> <p>LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.</p>
<p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p>		
<p>B4.1. A palabra.</p> <p>B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos) Características e uso de cada clase de palabra.</p> <p>B4.3. Tempos verbais: presente, pasado e futuro.</p>	<p>B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.</p> <p>LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.</p>
<p>B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.</p> <p>B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos</p>	<p>B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.</p> <p>LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.</p> <p>LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións</p>

<p>derivativos: prefixos e sufixos.</p> <p>B4.5. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.</p>		<p>simples.</p>
<p>B4.6. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.</p>	<p>B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.</p>
<p>B4.7. Clases de nomes: comúns e propios.</p> <p>B4.8. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.</p>	<p>B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.</p>	<p>LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.</p> <p>LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.</p> <p>LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.</p>
<p>B4.9. Utilización do material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.</p>	<p>B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.</p>	<p>LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.</p>
<p>B4.10. Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>	<p>LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</p>
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA		
<p>B5.1. Valoración dos textos</p>	<p>B5.1. Valorar textos como</p>	<p>LCB5.1.1. Valora de forma</p>

literarios como fonte de gozo persoal.	fonte de lecer e información.	global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas
B5.2. Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
B5.3. Identificación de recursos literarios.		LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)
B5.4 Valoración de recursos literarios.	B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.
B5.5 Creación de textos literarios en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións, e teatro.	B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.	LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
B5.6. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.	B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade.	LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.
B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.	B5.7. Participar con interese en dramatizacións de sinxelos textos literarios adaptados á idade.	LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.
B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	B5.8. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

LINGUA GALEGA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR		
B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.	B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
		LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.
B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.	B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
		LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.
		LGB1.3.3. Elabora e

		<p>produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.</p> <p>LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.</p>
<p>B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.</p>	<p>B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.</p>	<p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.</p>
		<p>LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.</p>
<p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).</p>	<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p>
		<p>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p>
		<p>LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p>
		<p>LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.</p>
		<p>LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.</p>
		<p>LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e</p>

		contestando preguntas.
B1.6. Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
B1.9. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.
		LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...
		LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER		
B2.1. Comprensión de informacións concretas en	B2.1. Comprender e localizar información	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de

<p>textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</p> <p>B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.</p> <p>B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</p>	<p>explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</p>	<p>textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.</p> <p>LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</p> <p>LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</p>
<p>B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.</p>	<p>B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</p>	<p>LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</p>
<p>B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>B2.6. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.</p>	<p>B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.</p>	<p>LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.</p> <p>LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.</p> <p>LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.</p>
<p>B2.7. Introducción ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de</p>	<p>B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de</p>	<p>LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.</p>

recursos textuais diversos.	información e fonte de recursos textuais diversos.	LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.	B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.	LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.
B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.	B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.	B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.
		LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR		
B3.1. Producción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas,	B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.
		LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.

<p>titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.</p> <p>B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais).</p> <p>B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.</p> <p>B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>		<p>LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.</p> <p>LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p> <p>LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.</p>
<p>B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<p>B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>
<p>B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.</p>	<p>B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>	<p>LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>
<p>B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.</p>	<p>B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.</p>	<p>LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.</p>
<p>B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos</p>	<p>B3.5. Presentar adecuadamente os traballos</p>	<p>LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas</p>

<p>escritos e respecto pola norma ortográfica.</p> <p>B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.</p>	<p>escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.</p> <p>LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>
<p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p>		
<p>B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.</p> <p>B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.</p>	<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra.</p> <p>LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.</p> <p>LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.</p>
<p>B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.</p>	<p>B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.</p>	<p>LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>
<p>B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.</p> <p>B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da</p>	<p>B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p>	<p>LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.</p> <p>LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p>

escritura.		
B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.
B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA		
B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
		LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
		LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á

		expresividade lectora.
B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.	LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.
B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.
B5.6. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.
B5.7. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. B5.8. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.	B5.6. Aposar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.6.1. Aposa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

CIENCIAS DA NATUREZA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
----------	-------------------------	---------------------------

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA		
<p>B1.1. Iniciación á actividade científica.</p> <p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</p>	<p>B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.</p>	<p>CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>
<p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p>B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.</p> <p>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</p>	<p>B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</p>	<p>CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</p>
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE		
<p>B2.1. Identificación e observación das partes do corpo humano.</p> <p>B2.2. Relación co medio e co seu contorno.</p> <p>B2.3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais. B2.4. Aceptación do propio corpo e do dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades.</p>	<p>B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</p>	<p>CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.</p> <p>CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.</p>

B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, alegría, felicidade) e sentimentos propios e alleos.		CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.	B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.
		CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
B2.8. Pirámide alimentaria. B2.9. Alimentos diarios necesarios. B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria.	B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola.
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS		
B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes. B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
		CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
B3.3. Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos,	B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.

<p>fotográficos...</p> <p>B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as.</p> <p>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos.</p> <p>B3.6. Respecto polos seres vivos do contorno.</p>	<p>soportes.</p>	
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA		
<p>B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico.</p> <p>B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida.</p> <p>B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.</p>	<p>B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.</p>	<p>CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.</p> <p>CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.</p>
<p>B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza.</p> <p>B4.5 Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.</p>	<p>B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.</p>	<p>CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.</p> <p>CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.</p>
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS		
<p>B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando</p>	<p>B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade,</p>	<p>CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.</p>

<p>estereotipos sexistas.</p> <p>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar.</p> <p>B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián.</p>	<p>as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.</p>	<p>CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.</p>
		<p>CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas.</p>
<p>B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.</p> <p>B5.5 Coidado dos recursos informáticos.</p>	<p>B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.</p>	<p>CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.</p>
		<p>CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.</p>

CIENCIAS SOCIAIS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS.		
<p>B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.</p> <p>B1.2.Propostas de traballo</p>	<p>B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para</p>	<p>CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a</p>

<p>que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <p>B1.3.Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.</p> <p>B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.</p>	<p>obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<p>organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p> <p>CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>
<p>B1.5.O traballo en equipo.</p> <p>B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.</p> <p>B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material.</p> <p>B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.</p> <p>B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.</p>	<p>CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</p>
<p>B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área.</p>	<p>B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.</p>	<p>CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.</p>
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA.		
<p>B2.1.Investigamos sobre os</p>	<p>B2.1. Recoñecer a auga</p>	<p>CSB2.1.1 Pon un exemplo</p>

<p>usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e os uso responsable desta empregando as TIC.</p>	<p>como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.</p>	<p>de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.</p> <p>CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.</p>
	<p>B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.</p>	<p>CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.</p>
<p>B2.2.Os ecosistemas da contorna e o ser humano.</p>	<p>B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.</p>	<p>CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.</p>
	<p>B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.</p>	<p>CSB2.4.1. Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.</p>
<p>B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive.</p>	<p>B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.</p>	<p>CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.</p>
		<p>CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.</p>
		<p>CSB2.5.3. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.</p>

B2.4.Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles.	B2.6.Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha característica máis significativa destes.	CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.
B2.5.Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais.	B2.7.Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles.	CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
B2.6.Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima.	B2.8.Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima.	CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

B3.1.Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía.	B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferenza entre que é unha localidade e un municipio.
	B3.2.Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
	B3.3.Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.
B3.2.A pertenza a grupos sociais da localidade:	B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e	CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e

deportivos, recreativos, culturais,..	respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.
B3.3. Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna.	B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,.. propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social.	B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.
B3.5. As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son as máis usuais. Indagar sobre todo en aquelas que o alumnado descoñeza, as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados.	B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
		CSB3.7.2. Diferenza entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.
B3.6. Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas.	B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
		CSB3.8.2. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos

		seus elementos.
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO		
B4.1. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década.	B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
B4.2. O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución.	B4.2. Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo.	CSB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.
B4.3. Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte, os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna...	B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou
		CSB4.3.2. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.
B4.4. O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación.	B4.4. Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.	CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.
B4.5. Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.	B4.5. Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.	CSB4.5.1. Explica que é un museo e cales son as súas funcións.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.5.2. Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA		
<p>B1.1. O autoconhecimento. A autopercepción. A imaxe dun mesmo/a. As calidades persoais. A percepción das emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxe emocional.</p>	<p>B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades.</p>	<p>VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.</p>
<p>B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Asociación pensamento-emoción.</p> <p>B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva.</p>	<p>B1.2. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.</p>	<p>VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.</p> <p>VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.</p> <p>VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.</p> <p>VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</p>
<p>B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. A realización responsable das tarefas escolares. A</p>	<p>B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</p>	<p>VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.</p> <p>VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de</p>

motivación.		persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.	B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.
		VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.
B1.6. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.	B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.
		VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.
BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS		
B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións.
		VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.
		VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	B2.2. Empregar a aserción.	VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.

B2.3. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.	B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.
		VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.
		VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS		
B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.	B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.
		VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.

<p>B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.</p>		
<p>B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <p>B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.</p>	<p>VSCB3.2.1. A moza boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.</p> <p>VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.</p>
<p>B3.5. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.</p>	<p>B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.</p>	<p>VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.</p> <p>VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.</p> <p>VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula</p> <p>VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar</p>
<p>B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e</p>	<p>B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en</p>	<p>VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á</p>

posicionamentos persoais.	oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	súa idade.
		VSCB3.4.2. escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.
		VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.
		VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.
B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.
		VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.
		VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.
B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na	B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.
		VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu

familia e no mundo laboral e social.		sexo.
B3.9. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.	B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.
B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.		VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.
		VSCB3.7.3. Expressa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.

4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO

No artigo 4 do Decreto 105/2014, de 4 de setembro, do currículo, defínense os obxectivos xerais da Educación Primaria como os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. No artigo 3 do mencionado Decreto establécense os 15 obxectivos xerais de etapa que deben ser traballados ao longo da etapa da Educación Primaria a través das diferentes áreas tal e como se indica nos Anexos I, II e III. Estes obxectivos son:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido

crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

- c) Adquirir habilidades para a prevención e a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran da realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e ós homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

Máis especificamente, en cada unha das áreas neste 2º curso da etapa de primaria, traballaranse os seguintes obxectivos concretos:

MATEMÁTICAS

- Ler, escribir e ordear os número de tres cifras (ata o 999).
- Indicar o valor posicional das cifras ata o 999.
- Realizar series ascendentes e descendentes.
- Facer sumas e restas sen levar e levando.
- Resolver problemas sinxelos de unha soa operación.
- Realizar cálculo mental con dúas operacións (sumas e restas).
- Iniciarse na multiplicación.
- Iniciarse no coñecemento das unidades de tempo, diñeiro, lonxitude masa e peso.

- Empregar o coñecemento das formas xeométricas (rectangulares, circulares, cadradas e esféricas) para describir e resolver situacións cotiás.
- Ser capaz de interpretar gráficas sinxelas.
- Ter habilidade para orientarse no espazo próximo, empregando conceptos como esquerda - dereita, diante - detrás, arriba - abaixo, preto - lonxe, próximo - afastado, dentro - fora, enriba - debaixo, e para describir itinerarios sinxelos e outras situacións.

LINGUA CASTELÁ

- Saber expresarse oralmente en diferentes situacións de comunicación.
- Comprender mensaxes e textos orais de uso cotiá.
- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.
- Coñece e empregar o vocabulario básico de uso cotiá.
- Saber expresarse por escrito de xeito claro, organizado e con limpeza.
- Coñecer e empregar as normas ortográficas básicas.
- Ler e comprender textos sinxelos con decodificación e entoación axeitada.
- Ler as 6 lecturas propostas pola biblioteca do centro.

LINGUA GALEGA

- Saber expresarse oralmente en diferentes situacións de comunicación.
- Comprender mensaxes e textos orais de uso cotiá.
- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.

- Coñece e empregar o vocabulario básico de uso cotiá.
- Saber expresarse por escrito de xeito claro, organizado e con limpeza.
- Coñecer e empregar as normas ortográficas básicas.
- Ler e comprender textos sinxelos con decodificación e entoación axeitada.
- Ler as lecturas propostas pola biblioteca do centro no itinerario lector.
- Empregar e usar progresivamente a Lingua Galega na vida cotiá.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Identificar e describir as partes do corpo humano.
- Adquirir hábitos asociados á hixiene, á alimentación equilibrada, ao exercicio físico e ao descanso.
- Coñecer as principais características dos seres vivos e inertes.
- Iniciarse no coñecemento das máquinas.
- Adquirir e empregar o vocabulario básico de cada Unidade Didáctica.

CIENCIAS SOCIAIS

- Coñecer as características básicas da paisaxe natural e urbana.
- Describir a organización social da súa contorna próxima.
- Observar e analizar situacións cotiás para educar en valores, fomentando un clima de respecto cara os demais.
- Coñecer e comprender os conceptos temporais básicos.
- Adquirir e empregar o vocabulario básico de cada Unidade Didáctica.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia.
- Desenvolver actitudes de esforzo, responsabilidade e autoconfianza.

- Empregar habilidades para resolver conflitos.
- Respeitar as diferenzas persoais e culturais, a igualdade de dereitos e a non discriminación.
- Identificar e expresar as emocións propias e alleas.

5. CONTIDOS

Os contidos, partindo do artigo 4 do Decreto 105/2014, de 4 de setembro, do currículo, defínense como o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e a adquisición das competencias.

A continuación, detallaranse os bloques de contidos de cada unha das áreas pertencentes a este 2º curso da etapa de Educación Primaria xunto coa finalidade que se perseguirá nos mesmos. Estes bloques de contidos pódense atopar nos Anexos I, II e III do mencionado Decreto.

MATEMÁTICAS

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas. Este bloque é a columna vertebral do resto de bloques e polo tanto formará parte do traballo diario da aula para traballar o resto de contidos.

Bloque 2. Números. Traballaranse neste bloque os números ata o 999, as relacións que se establecen entre eles, así como a resolución de problemas.

Bloque 3. Medidas. Co traballo deste bloque profundizarase no coñecemento das unidades de lonxitude, peso, capacidade e tempo, partindo da experimentación para lograr aprendizaxes significativas.

Bloque 4. Xeometría. Traballaranse diferentes figuras planas e corpos xeométricos a través elementos de apoio como o tangram, entre outros.

Bloque 5. Estatística e probabilidade. Neste último bloque da área de matemáticas, iníciase ao alumnado na interpretación de diferentes gráficos así como a utilización de diferentes técnicas de recollida de datos.

LINGUA CASTELÁ

Bloque 1. Comunicación oral. Falar e escoitar. A través da fala e da escoita buscarase establecer as habilidades necesarias para que o alumnado comunique con precisión as súas propias ideas e axusten o propio discurso a diferentes situacións de comunicación.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler. Buscarase o achegamento á comprensión de textos de diferente tipoloxía. Para isto, poranse en funcionamento unha serie de estratexias de lectura que se deben practicar na aula para poder estendelas a outras esferas da vida.

Bloque 3. Comunicación escrita. Escribir. Este bloque está centrado no proceso de escritura, non no produto final, elaborado de forma individual ou en grupo.

Bloque 4. Coñecemento da lingua. Co traballo deste bloque preténdese favorecer a aprendizaxe metalingüística para interiorizar o léxico e as normas gramaticais e de ortografía imprescindibles para o uso adecuado da lingua.

Bloque 5. Educación literaria. Preténdese implicar ao alumnado nun proceso de formación lectora que continúe ao longo das súas vidas. Así mesmo, fomentárase a creación de textos persoais con intención literaria.

LINGUA GALEGA

Bloque 1. Comunicación oral. Falar e escoitar. A través da fala e da escoita buscarase establecer as habilidades necesarias para que o alumnado comunique con precisión as súas propias ideas e axusten o propio discurso a diferentes situacións de comunicación.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler. Buscarase o achegamento á comprensión de textos de diferente tipoloxía. Para isto, poranse en funcionamento unha serie de estratexias de lectura que se deben practicar na aula para poder estendelas a outras esferas da vida.

Bloque 3. Comunicación escrita. Escribir. Este bloque está centrado no proceso de escritura, non no produto final, elaborado de forma individual ou en grupo.

Bloque 4. Coñecemento da lingua. Co traballo deste bloque preténdese favorecer o aprendizaxe metalingüístico para interiorizar o léxico e as normas gramaticais e de ortografía imprescindibles para o uso adecuado da lingua.

Bloque 5. Educación literaria. Preténdese implicar ao alumnado nun proceso de formación lectora que continúe ao longo das súas vidas. Así mesmo, fomentárase a creación de textos persoais con intención literaria.

CIENCIAS DA NATUREZA

Bloque 1. Iniciación á actividade científica. Este bloque integra coñecementos para a planificación, realización e comunicación dos resultados das investigacións, así como os coñecementos necesarios para o desenvolvemento dos bloques restantes.

Bloque 2. O ser humano e a saúde. Integra habilidades e destrezas encamiñadas ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos, a prevención de condutas de risco e fortalecer estilos de vida saudable.

Bloque 3. Os seres vivos. Este bloque está orientado ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación con outros reinos e á conservación da biodiversidade.

Bloque 4. Materia e enerxía. Traballaranse contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía.

Bloque 5. Tecnoloxía, aparatos e máquinas. Neste último bloque inclúense coñecementos relativos ás máquinas e aos aparatos de uso cotiá, así como a enerxía que utilizan e os avances científicos e tecnolóxicos.

CIENCIAS SOCIAIS

Bloque 1. Contidos comúns. Este bloque constitúe o eixo para abordar os contidos dos outros bloques cun enfoque transversal, ademais da iniciación no coñecemento científico, o uso das TIC e a importancia do traballo en equipo.

Bloque 2. O mundo no que vivimos. Neste bloque estúdase a xeografía, tanto próxima como de contextos máis lonxanos. Para iso, utilizaranse diferentes tipos de fontes da información. Tamén se traballarán contidos sobre o universo, a terra, a auga, o clima, as paisaxes e a intervención humana no medio.

Bloque 3. Vivir en sociedade. Co traballo deste bloque búscase o coñecemento dos distintos grupos sociais. Tamén inclúe a produción e o reparto de bens de consumo, sectores de produción, a vida económica, a organización social...

Bloque 4. As pegadas do tempo. Integra o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordear temporalmente feitos históricos relevantes a través da realización de árbores xenealóxicas ou liñas do tempo.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Bloque 1. A identidade e a dignidade. Co traballo deste bloque búscase que o alumnado sexa capaz de construír a súa propia identidade persoal, recoñecendo as súas calidades e potencialidades.

Bloque 2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais. Este bloque afondará na importancia do coñecemento das demais persoas e as relacións que con elas se establecen na súa vida cotiá.

Bloque 3. A convivencia e os valores sociais. Traballarase a importancia do coñecemento e interiorización das normas e valores de convivencia para favorecer e fortalecer a convivencia nun mundo cada vez máis globalizado.

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE

A. TEMPORALIZACIÓN

No presente apartado detallarase a distribución das diferentes Unidades Didácticas que se desenvolverán ao longo do curso escolar para cada materia.

DISTRIBUCIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS MATERIA			
ÁREA	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
MATEMÁTICAS	N(1-15) C.M.(1-7) O.(1-10) R.P.(1-10) M.(1-6) G.T. de la I.(1-4)	N(16-20) C.M.(8-12) O.(10-18) R.P.(11-14) M.(7-12) G.T. de la I.(5-8)	N(21-25) C.M.(13-15) O.(19-24) R.P.(15-16) M.(13-14) G.T. de la I.(9-10)
LINGUA CASTELÁ	1, 2, 3,4	5, 6, 7, 8	9, 10, 11, 12
LINGUA GALEGA	C.L.(1-24) C.O.(1-5) C.L.(1-10) E.(1-3) C.C.(1-3) O.X.(1-3)	C.O.(6-10) C.L.(11-17) E.(4-10) C.C.(4-7) O.X.(4-8)	C.O.(11-15) C.L.(18-26) E.(11-15) C.C.(8-10) O.X.(9-12)
CIENCIAS DA NATUREZA	1, 2	3, 4	5, 6
CIENCIAS SOCIAIS	1, 2	3, 4	5, 6
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	1, 2,	3, 4,	5,6

B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

No presente apartado mostraranse os mínimos esixibles para superar cada unha das materias, é dicir, o grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe por parte do alumnado.

MATEMÁTICAS

MTB1.1.1. Explica o proceso seguido para resolver un problema.

MTB1.2.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado.

MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.

MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.

MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras.

MTB2.1.3. Realiza series tanto ascendentes como descendentes.

MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais.

MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos números naturais ata o 999.

MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais.

MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.

MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.3.2. Realiza cálculos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas.

MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.

MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas e as unidades dos resultados.

MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro.

MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo.

MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro.

MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais.

MTB3.4.2. Resolve problemas sinxelos utilizando as medidas temporais axeitadas.

MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.

MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.

MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.

MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.

MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas.

MTB4.4.1. Interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.

MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos.

MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados.

MTB5.1.1. Interpreta datos en representacións gráficas.

MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.

MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.

LINGUA CASTELÁ

LCB1.1.1. Expresa sentimentos, vivencias e opinións.

LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.

LCB1.2.1. Integra os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.

LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.

LCB1.3.1. Participa en diversas situacións de comunicación: diálogos , exposicións orais guiadas... Con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.

LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.

LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.

LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral de uso habitual.

LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos.

LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.

LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios dixitais para obter información.

LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil.

LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves.

LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.

LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas...

LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente.

LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.

LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.

LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia infantil

LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.

LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre diversas tipoloxías textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

LCB2.3.1. Activa, coñecementos previos para comprender un texto.

LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións.

LCB2.3.3. Relaciona a información das ilustracións coa información que aparece no texto.

LCB2.4.1. Dedicar momentos de lecer para a lectura voluntaria.

LCB2.4.2. Explica as súas preferencias lectoras.

LCB2.5.1. Consulta na biblioteca diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.

LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.

LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade.

LCB2.8.1. Formula hipóteses sobre a finalidade de diferentes textos sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes.

LCB2.8.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.

LCB3.1.1. Escribe en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa, e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.

LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos.

LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a dos seus compañeiros.

LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos.

LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas.

LCB3.4.2. Elabora e presenta textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.

LCB3.6.1. Usa as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.

LCB4.1.1. Utiliza categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.

LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro.

LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.

LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.

LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.

LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos.

LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número.

LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.

LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais.

LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil.

LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios.

LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral.

LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios a partir de pautas ou modelos dados.

LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos.

LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios.

LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

LINGUA GALEGA

LGB1.1.1. Comprende a información xeral de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión.

LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.

LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais.

LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.

LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase ou explicacións pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.

LGB1.3.3. Elabora textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.

LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.

LGB1.4.1. Atende as intervencións dos demais en exposicións, sen interromper.

LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.

LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.

LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula.

LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.

LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.

LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.

LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse...

LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos demais e contribúe ao traballo en grupo.

LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo.

- LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista.
- LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
- LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais.
- LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversar.
- LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, procedentes dos medios de comunicación.
- LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
- LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de ilustracións.
- LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.
- LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
- LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.
- LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula, para obter informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
- LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro.
- LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.
- LGB2.6.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
- LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias.
- LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras
- LGB3.1.1. Produce textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características deses textos.
- LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.

LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.

LGB3.1.4. Aplica as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.

LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola ou cos medios de comunicación social, sobre acontecementos próximo á súa experiencia.

LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal.

LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.

LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes relacionadas co seu contido.

LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.

LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión.

LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.

LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra.

LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios.

LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras.

LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas.

LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.

LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.

LGB4.4.1. Recoñece as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.

LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes das linguas que coñece.

LGB5.1.1. Recrea e escribe diversos textos literarios sinxelos, usando modelos.

LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

LGB5.2.1. Le textos en silencio, adecuados aos intereses infantís.

LGB5.2.2. Le textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís.

LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados.

LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos.

LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.

LGB5.6.1. Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

CIENCIAS DA NATUREZA

CNB1.1.1. Manifesta autonomía na observación e na planificación de tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano.

CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.

CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos.

CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.

CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa saúde.

CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios.

CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes.

CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno.

CNB3.2.1. Nomea e clasifica seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.

CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga.

CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos.

CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza.

CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos.

CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.

CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión e a contribución social.

CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco.

CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador.

CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada.

CIENCIAS SOCIAIS

CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.

CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, valorando o esforzo e o coidado do material.

CSB1.3.1. Elabora mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.

CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.

CSB2.1.1 Pon un exemplo de usos que, o ser humano, fai da auga.

CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga.

CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.

CSB2.3.1. Explica os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de recuperación.

CSB2.4.1. Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas.

CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana.

CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.

CSB2.5.3. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.

CSB2.6.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.

CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas e coñece algúns usos aos que se destinan.

CSB2.8.1. Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseña posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.

CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferenza entre que é unha localidade e un municipio.

CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.

CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.

CSB3.4.1. Amosa unha actitude de respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.

CSB3.5.1. Explica algunhas festas, costumes, folclore... propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.

CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron a evolución dos medios de comunicación.

CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.

CSB3.7.2. Diferenza entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.

CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias nos medios de transporte.

CSB3.8.2. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública.

CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.

CSB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.

CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo

CSB4.3.2. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.

CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.

CSB4.5.2. Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.

CSB4.5.1. Explica que é un museo e cales son as súas funcións.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo.

VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias para transformalos.

VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento durante o traballo individual e grupal.

VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.

VSCB1.2.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.

VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.

VSCB1.3.2. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.

VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.

VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.

VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.

VSCB1.5.2. Define e formula problemas de convivencia.

VSCB2.1.1. Expressa con claridade sentimentos e emocións.

VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal e non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións

VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións.

VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.

VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais.

VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.

VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.

VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.

VSCB2.5.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables.

VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.

VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.

VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda.

VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.

VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.

VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.

VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas da aula

VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar

VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.

VSCB3.4.2. Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, e compréndelas, na medida das súas posibilidades.

VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.

VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións.

VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.

VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.

VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos no xogo e no emprego dos xoguetes.

VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.

VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes.

VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.

VSCB3.7.3. Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.

C. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tendo en conta a Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave e a orden do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (*Derróganse os artigos 2, 3 e 6 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*)

Unha vez explicado isto, é preciso saber que os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias así como o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das diferentes áreas serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Estes aparecen recollidos nos Anexos I, II e III do Decreto 105/2014, de 4 de setembro, do currículo.

Así, a avaliación realizarase a través de diferentes procedementos e instrumentos de avaliación que permitirán recoller toda a información necesario sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado.

En relación ás aprendizaxes alcanzadas polo alumnado, realizaranse diferentes probas escritas que servirán de mostra destes coñecementos traballados na aula. A observación sistemática por parte do profesorado resultará esencial para comprobar o traballo e a actitude do alumnado mentres esta se produce, tanto en relación ao traballo individual como ao traballo en equipo, de tal maneira, empregarase o diario de clase, a escala de

observación e as rúbricas. Tamén se analizarán as súas producións escritas nos libros de texto e nos cadernos.

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Seguindo o artigo 19 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, así como os artigo 15 e os Anexos I, III e III do Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, existen unha serie de principios e orientacións metodolóxicas a seguir no traballo co alumnado.

Para comezar, é importante explicar que sempre se debe partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, de tal maneira que se teña presente o seu nivel de desenvolvemento cognitivo, motriz e afectivo-social. O mesmo ocorre co nivel de coñecementos, é preciso saber o que o alumnado xa sabe e o que pode chegar a saber para avanzar así na súa zona de desenvolvemento próximo, tal e como defende Vigotsky. Polo tanto, asegurárase a construción de aprendizaxes significativas que perduran no tempo e permiten avanzar cara a novas aprendizaxes, ademais, permiten que o alumnado sexa capaz de crear vínculos entre os novos contidos e os que xa posúe. Tamén resulta esencial potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe, é dicir, que sexa capaz de aprender a aprender e para isto, o profesorado facilitará as estratexias necesarias. As relacións interpersoais son fonte de enriquecemento e coñecemento, de aí que resulte necesario favorecer a socialización, así como partir da diversidade da aula para ofrecer unha atención individualizada segundo as características de cada alumno e alumna. A metodoloxía será, por tanto, activa e participativa xa que o alumnado aprende sendo o protagonista da súa aprendizaxe en base ás orientacións que o profesor lle poda aportar.

Iniciarase ao alumnado no traballo cooperativo, definido por Spencer Kagan como o uso didáctico de equipos reducidos de composición heteroxénea en rendemento e

capacidade, que potencie a participación equitativa e a interacción simultánea entre eles, coa finalidade de que todos aprendan os contidos ao máximo das súas posibilidades, aprendendo tamén a traballar en equipo.

Para isto, seguindo a Pere Pujolas, formaranse na aula no momento que se precise 3 equipos heteroxéneos de 4 alumnos, e 1 equipo de tres de tal maneira que en cada grupo haberá polo menos un alumno ou alumna capaz de xerar axuda, un alumno ou alumna que precise axuda e alumnado cun nivel intermedio de capacidade e autonomía.

Cada un dos membros do equipo terá, ademais, un rol asignado que deberá desenvolver. O coordinador deberá organizar e dirixir o traballo do equipo intentando promover a participación de todos os membros do equipo. O secretario, pola súa banda, deberá velar para que o equipo cumpra as tarefas encomendadas cumprindo as instrucións e a temporalización, tamén escribe na ficha correspondente. O portavoz terá a capacidade de comunicarse co mestre ou co resto de equipos en caso de presentarse dúbidas, tamén é o encargado de dicir en voz alta as respostas ás preguntas plantexadas. O encargado de material garantiza un entorno idóneo para o traballo, controlando a orde e a disposición das mesas, tamén se ocupa dos materiais e porque estes se traten adecuadamente. Ao principio do curso cada membro do grupo pasará por todos os roles coa finalidade de comprender que todas as misións que teñen que desempeñar son importantes para a boa marcha do grupo e para analizar para qué rol se senten máis capacitados en función das súas habilidades persoais. Pouco a pouco estes roles irán manténdose en función das preferencias xa mencionadas.

Para poñer en práctica a aprendizaxe cooperativa débense ter en conta tres ámbitos. No ámbito A fomentárase a cohesión do grupo a través de dinámicas que permitan perfilar os equipos. No ámbito B aplicáranse estruturas de aprendizaxe cooperativa para aprender

contidos, seguindo coa cohesión do grupo. No ámbito C, ademais de seguir cooperando para aprender, tamén deberán aprender a cooperar como contido, polo que se lles proporcionarán determinados recursos como o caderno de equipo, que lles axudará a organizarse mellor, estruturar as tarefas e resolver os conflitos que poidan xurdir.

No caso de que esta aprendizaxe cooperativa non se poida aplicar polas características e necesidades do grupo, traballarase en mesas de dúas persoas, fomentando igualmente o bo trato entre compañeiros e compañeiras así como a axuda mutua.

As actividades que se realizarán ao longo de cada Unidade Didáctica se dividirán en varios tipos. En primeiro lugar, existirán actividades iniciais de exploración de coñecementos e ideas previas. Como xa se mencionou, é preciso coñecer o nivel de coñecementos do alumnado para planificar a actividade e é por iso que estas actividades resultan esenciais. Se tratará de actividades que permitan profundizar neses coñecementos previos, por exemplo, podería realizarse unha chuvia de ideas.

Máis tarde tamén se realizarán actividades de desenvolvemento específicas, para o desenvolvemento dos contidos recollidos en cada Unidade Didáctica. Este tipo de actividades serán manipulativas na área de matemáticas e nas ciencias, de investigación nas linguas e nas ciencias...

Debido a que cada alumno e alumna posúe unhas características propias e ritmos diferentes de aprendizaxe, será necesario organizar actividades de reforzo e ampliación, atendendo así á diversidade presente na aula.

Aplicaranse actividades de consolidación cuxa finalidade é transformar en coñecemento os contidos adquiridos. Por último, levaranse á práctica actividades de avaliación como as probas escritas ou orais, a exposición de temas...

Por último, cabe sinalar neste apartado que se poderán mandar tarefas extraescolares (deberes) no caso de que se detecten dificultades individuais ou grupais en certas materias, coa finalidade de reforzar e consolidar coñecementos os coñecementos. Estas tarefas serán adecuadas ao nivel tanto en cantidade como en dificultade, permitindo tamén o axeitado encaixe na súa vida persoal e familiar.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos didácticos que se precisarán para levar a cabo a presente programación, se dividirán en varios tipos: recursos espaciais, recursos materiais, recursos dixitais e recursos humanos.

Os recursos espaciais refírense á organización e distribución da aula que estará dividida en recunchos. Cada un deles terá unha función específica que o alumnado coñecerá dende o comezo do curso para poder manexarse con autonomía pola aula. Existirá un espazo central onde se encontrarán mesas agrupadas para as actividades dos grupos cooperativos. Haberá un lugar onde a mestra terá a súa mesa xunto con unha estantería para poder organizar a actividade da aula. Os alumnos traballaran en mesas en parellas de cara a encerado para evitar malas posturas. A lectura constitúe un factor fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que haberá unha pequena biblioteca de aula con libros de investigación, de lectura persoal... Por último, contarase cun espazo dedicado ás exposicións que se realicen ao longo do curso escolar sobre os temas traballados na aula.

Pola súa banda, os recursos materiais refírense aos libros de texto, outros materiais como dicionarios, contos, periódicos, axendas... Tamén se contará con materiais procedentes da natureza para traballar certos contidos así como recursos de elaboración propia para facilitar a aprendizaxe de algúns contidos, como poden ser os carteis ou as

maquetas. Ademais, cada alumno e alumna contará cun caderno destinado as materias de matemáticas, lingua castelá e lingua galega no que realizarán diferentes actividades de ampliación e reforzo. En relación aos libros de texto, a continuación mostrarase unha táboa con cada un dos libros utilizados en cada materia.

CURSO	MATERIA	TÍTULO	ISBN	IDIOMA
2º E.P.	Matemáticas	Mate+ Matemáticas para pensar. Ed. Santillana	978-84-680-2545-2	Castelán
2º E.P.	Lingua Castelá	SHContigo mochila ligera. Ed. Santillana	978-84-680-4746-1	Castelán
2º E.P.	Lingua Galega	Lingua + Tarefas e destrezas comunicativas. Ed. Santillana	978-84-9972-776-9	Galego
2º E.P.	Ciencias da Natureza	Saber facer contigo. Ed. Santillana	978-84-9185-036-6	Galego
2º E.P.	Ciencias Sociais	Saber facer contigo. Ed. Santillana	978-84-9185-033-5	Galego
2º E.P.	Inglés	All about us now 2 activity book with digital book.Oxford	9780194074438	Inglés
2º E.P.	Inglés	All about us now 2 class book with digital book.Oxford	9780194074506	Inglés

Os recursos dixitais cos que se poderá contar na aula serán un ordenador, un proxector. O centro tamén pon a disposición das aulas unhas Tablets itinerantes que se poderán utilizar para traballar algúns aspectos concretos. Así mesmo, considéranse recursos dixitais os diferentes programas e aplicacións informáticas que facilitan a profundización de contidos específicos.

Por último, os recursos humanos que se presentarán será o resto do profesorado, co que haberá unha estreita colaboración e unha metodoloxía común para poder ofrecer unha

continuidade ao alumnado ao longo dos cursos que compoñen a etapa. Tamén se contará con certos profesores e profesoras con dispoñibilidade horaria que realizarán a tarefa de apoio aos alumnos e alumnas que o precisen. Tamén é importante destacar neste apartado ás familias do alumnado, coas que se manterá unha fluída comunicación a través das axendas e das titorías individuais. Por último, cabe mencionar ás diferentes entidades externas ao centro que facilitan a realización de certas actividades que complementan o traballo da aula e favorecen a aprendizaxe.

9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Tendo en conta a Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

Ademais, é preciso explicar que os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias así como o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das diferentes áreas, serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Estes aparecen recollidos nos Anexos I, II e III do Decreto 105/2014, de 4 de setembro, do currículo.

Para iso, realizaranse diferentes tipos de avaliación ao longo de cada Unidade Didáctica e que se desenvolverán a continuación. Estas son a avaliación inicial, a avaliación procesual e a avaliación final.

A avaliación inicial resulta necesaria para saber cal é o nivel de coñecementos dos alumnos e alumnas sobre o tema a traballar e para poder determinar a necesidade de

realizar modificacións na programación ou de adoptar medidas de atención á diversidade. Esta se realizará a través de probas escritas ou intercambios orais.

A avaliación procesual servirá para valorar os datos obtidos durante o proceso coa finalidade de tomar decisións sobre a marcha dos acontecementos, é dicir, se valorará a eficacia do traballo, anotando cómo se desenvolveron as actividades programadas, se foi preciso realizar algunha adaptación, se existiron dificultades, que actividade tivo máis éxito e cal menos... Avaliarase aquí tamén a realización e os resultados das tarefas a través da revisión das producións individuais de cada alumno e alumna, así como o traballo de cada un dos equipos. Isto recollerase no diario de clase do profesorado.

Por último, realizarase unha avaliación final a través dunha proba escrita.

A través dos instrumentos de avaliación que estarán expresados mediante porcentaxes establecerase unha nota numérica final en base aos seguintes criterios:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas.	Realización de probas escritas e preguntas orais.	50%
Traballo diario na aula: <ul style="list-style-type: none"> - Realización adecuada do traballo individual. - Organización dos materiais. - Presentación do traballo. 	Rexistro actividades na aula. Observación e revisión de: libro; cadernos; fichas Rúbricas de avaliación	30%
Participación, esforzo e actitude cara a materia. Realización adecuada do traballo en equipos.	Rexistro de participación Actividades de equipo Rexistro de actitude cara o traballo	20%

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIA PENDENTES.

Tal e como se recolle na Orde do 29 de xaneiro de 2022, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado na Comunidade Autónoma de Galicia a promoción do alumnado atenderá o seguinte: Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto e como consecuencia do proceso de avaliación, el equipo docente del grupo en la sesión de avaliación final, decidirá sobre la promoción do alumnado. A decisión será adoptada de

maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor. A promoción no resto dos cursos será automática cada un dos cursos e como consecuencia do proceso de avaliación. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Medidas a adoptar:

. Plan específico para o alumnado que non acade a promoción e que, polo tanto, permanecerá un ano máis no mesmo curso.

. Plan específico de recuperación cando alumno/a promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa.

Cando un alumno/a no curso seguinte recupere a materia con cualificación negativa do curso anterior o titor/a deberá facelo constar nas dilixencias/observacións da acta de avaliación e na acta de avaliación e na acta da sesión de avaliación así coma no boletín de notas do alumno/a.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Tal e como se recolle na Orden de 9 de xuño de 2019, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado na Comunidade Autónoma de Galicia, non só se avaliarán as aprendizaxes logradas polo alumnado, senón que tamén se deben avaliar os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, para o cal se establecerán diversos indicadores de logro. Estes son:

- Os contidos seleccionados permiten desenvolver adecuadamente os criterios de avaliación fixados.
- Os contidos seleccionados son variados (inclúen conceptos, feitos, procedementos, valores, normas...)
- Os estándares de aprendizaxe seleccionados permiten avaliar adecuadamente as aprendizaxes.
- Os instrumentos previstos para obter información sobre as aprendizaxes adquiridas están adaptados e son variados.
- A metodoloxía prevista é variada e permite realizar distintos tipos de actividades.
- Contémplanse medidas de atención á diversidade que se adaptan ás características dos e das alumnas.
- A distribución da aula permite adecuarse ás necesidades do alumnado.
- Se aproveitan adecuadamente os recursos dispoñibles no centro.
- A coordinación entre os docentes que imparten clase ao alumnado é a correcta e maneira que se favoreza o adecuado funcionamento da aula.

12. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Atendendo novamente á Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o primeiro mes do curso, a persoa titora deberá realizar unha avaliación inicial, que ten a finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das propias familias, e será o punto de referencia para a toma de decisións na programación de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren precisas para cada alumno ou alumna.

Polo tanto, e máis concretamente, debe explicarse que esta avaliación consistirá nunha proba escrita para cada materia que recolla aspectos de todos os bloques especificados no Decreto 105/2014, do currículo.

En función dos resultados obtidos, tomaranse as decisións oportunas sobre a marcha do proceso de ensinanza, é dicir, qué aspectos é preciso reforzar e profundizar máis, se é necesario realizar apoios na aula ou a proposta de medidas ordinarias ou extraordinarias. Tamén se realizarán as comunicacións precisas ao resto do equipo docente ou ás familias en caso de detectar algunha necesidade.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aínda tendo en conta as características evolutivas propias dos alumnos e alumnas do 2º curso da Educación Primaria, a atención á diversidade é un aspecto que afecta a todo o alumnado do grupo clase xa que cada estudante presenta diferentes características e necesidades, estilos e ritmos de aprendizaxe, así como motivación e intereses, situacións sociais e culturais. Partindo deste punto de vista, para poder ofrecer unha resposta educativa axeitada ás necesidades de todo o alumnado, se tomará como referencia o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no que se imparten as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, tendo como base os principios básicos recollidos neste Decreto, é dicir, a inclusión, a normalización e a individualización. Así, contemplárase a aplicación das medidas

ordinarias recollidas na lexislación vixente que favorecen o uso do traballo en equipo, a adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula para atender as necesidades individuais do alumnado, a adaptación de tempos para o alumnado que o precise ou o apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, medidas que favorecerán o adecuado progreso de todos os alumnos e alumnas da aula.

Ademais, no grupo ao que se dirixe a presente programación, hai algúns alumnos e alumnas que precisan dunha atención específica por presentar determinadas necesidades que se describirán a continuación.

Un alumna aínda non diagnosticada pero que seguiremos a súa evolución, unha alumna con leucomalacia periventricular que require moito apoio adecuando os espazos da aula para que se poida mover con autonomía xa que leva cadeira de rodas e con especial atención nas saídas ou entradas na aula e un neno Tea que tamén precisa atención constante xa que non se sabe desenvolver de maneira autónoma, incapaz de seguir a dinámica da clase e con dificultades importantes na comunicación.

Finalmente, cabe sinalar que non se levará a cabo un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe unicamente de aqueles alumnos e alumnas que presentan necesidades, senón con todo o grupo, atendendo a calquera dificultade que se presente. Para elo se empregarán todos os recursos materiais e humanos posibles, coa finalidade de evitar a exclusión do alumnado.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Tendo en conta o exposto no Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e os Centros de Educación Primaria, teñen a consideración de actividades complementarias aquelas actividades

didácticas que se realizan en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos. Pola súa banda, teñen carácter de actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e formando parte da Programación Xeral Anual, se realizan fora do horario lectivo.

Polo tanto, a continuación describiranse as actividades complementarias e extraescolares contempladas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro, para o 2º curso de primaria.

1º TRIMESTRE

Samaín / Halloween (finais de outubro). Nesta actividade decorarase a entrada do centro, farase unha exposición de cabazas e tumbas, haberá un desfile polo ximnasio por cursos, farase un truco/trato e haberá un concurso de postres caseiros terroríficos.

Magosto (novembro). Nesta actividade celebrarase coa degustación de chourizo e castañas no patio todo o colexio, coa colaboración do mestre de Educación Física e o alumnado pertencente ao 6º curso da Educación Primaria.

Nadal. Celebrarase un Festival de Nadal no centro, no salón de actos con dúas datas de actuación, unha para todo o alumnado do centro e outra para as familias coa visita de Papá Noel.

2º TRIMESTRE

Entroido (do 13 de febreiro ao 17 de febreiro). O Meco do centro dará as consignas precisas toda a semana para conformar os disfraces ata chegar o día do desfile.

Enterro do Peixe Espada (24 de febreiro). Ademais de soterrar ao Peixe Espada, farase unha degustación de postres de Entroido.

3º TRIMESTRE

III Edición do Concurso de Fotos e Excursión ou festa de fin de curso (finais de xuño).

Pola súa banda, as saídas previstas para o 2º curso da Educación Primaria durante este curso académico 2022/2023 serán a saída o Montaña con Ed. Infantil e visita o Xardín Botánico en Vigo

Tamén se terán en consideración as posibles saídas ou actividades que aínda non estean contempladas pero que poderán realizarse ao longo do curso pola súa conveniencia pedagóxica ou o seu interese para traballar certos contidos.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A revisión, avaliación e modificación da programación didáctica é un apartado esencial xa que permite realizar as modificacións precisas para tratar de mellorar a propia práctica docente e facilitar ao alumnado a aprendizaxe de todos os elementos curriculares relativos ao curso. Para iso, realizarase unha rúbrica que conteña todos os aspectos relacionados coa posible mellora ou modificación dos apartados precisos.

INDICADOR	VALORACIÓN 1-2-3-4	OBSERVACIÓNS
Os contidos seleccionados permiten desenvolver adecuadamente os criterios de avaliación fixados.		
Os contidos seleccionados son variados (inclúen conceptos, feitos, procedementos, valores, normas...)		

Os estándares de aprendizaxe seleccionados permiten avaliar adecuadamente as aprendizaxes.		
Os instrumentos previstos para obter información sobre as aprendizaxes adquiridas están adaptados e son variados.		
A metodoloxía prevista é variada e permite realizar distintos tipos de actividades.		
Contémplanse medidas de atención á diversidade que se adaptan ás características dos e das alumnas.		
A distribución da aula permite adecuarse ás necesidades do alumnado.		
Se aproveitan adecuadamente os recursos dispoñibles no centro.		
A coordinación entre os docentes que imparten clase ao alumnado é a correcta e maneira que se favoreza o adecuado funcionamento da aula.		